



DATOS IDENTIFICATIVOS

Fundamentos dos servizos sociais

Materia	Fundamentos dos servizos sociais			
Código	O05G220V01104			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Muguerza Martínez, María Elena			
Profesorado	Muguerza Martínez, María Elena			
Correo-e	elenamuguerza@uvigo.es			
Web	http://elenamuguerza@uvigo.es			
Descrición xeral	O sistema público de servizos sociais destinado a garantir unhas prestacións básicas ante situacións de necesidade ten unha identidade, normativa, estrutura, competencias, financiación etc. propias, e xunto con outros sistemas de protección social constitúese nun dos piares fundamentais do estado de benestar, sendo este sistema público un dos ámbitos principais de intervención do traballo social.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
A4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A9	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención
A10	Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados
A12	Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc
A18	Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social
A21	Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma
A24	Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade
A26	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
A31	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Capacidade reflexiva

B8	Capacidade de xestión da información
B9	Resolución de problemas
B10	Toma de decisións
B11	Traballo en e con equipos diversos
B14	Habilidades nas relacións interpersoais
B15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
B16	Razoamento crítico
B17	Compromiso ético
B18	Aprendizaxe autónoma
B24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Capacidade de análise e síntese	B1	
Capacidade de organización e planificación	B2	
Capacidade reflexiva	B3	
Capacidade de xestión da información	B8	
Resolución de problemas	B9	
Toma de decisións	B10	
Traballo en e con equipos diversos	B11	
Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade	B15	
Razoamento crítico	B16	
Compromiso ético	B17	
Aprendizaxe autónoma	B18	
Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.	B24	
Ser capaz de traballar e valorar de forma conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias.	A1	
Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, comunidades e con outros profesionais.	A2	
Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias	A3	
Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión	A4	
Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas en relación ás súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural [e, polo tanto, a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...], a existencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de plantarlle cara a unha sociedade ambientalmente sostible e de defender os valores da paz. Desenvolver as habilidades nas relacións interpersoais.	A8	B14
Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención.	A9	
Responder a situacións de crise valorando a urxencia das situacións, planificando e desenvolvendo accións para facer fronte ás mesmas e revisando os seus resultados	A10	
Preparar, producir, implementar e avaliar os plans de intervención co sistema cliente e os colegas profesionais negociando o fornecemento de servizos que deben ser empregados e revisando a eficacia dos plans de intervención coas persoas implicadas co fin de adaptalos ás necesidades e circunstancias cambiantes. Considerar os deberes éticos da profesión relativos ao sistema cliente a respecto da confianza, a proximidade, a afectividade, as relacións igualitarias, o respecto á diversidade cultural, etc	A12	
Deseñar, implementar e avaliar proxectos de intervención social	A18	
Establecer e actuar para a resolución de situacións de risco previa identificación e definición da natureza da mesma	A21	
Contribuír á administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade	A24	
Traballar de forma eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e o seu tempo de duración contribuíndo igualmente a abordar de forma construtiva os posibles puntos de vista existentes.	A26	
Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan	A31	

Contidos

Tema

1. Evolución histórica dos servizos sociais en España	1.1. A acción social na Idade Media: a caridade. 1.2. A acción social durante os séculos XVII e XVIII: a beneficencia. 1.3. A acción social no século XIX: a asistencia social. 1.4. Os servizos sociais no século XX: o franquismo. 1.5. Os servizos sociais na democracia: os dereitos sociais na Constitución e nas leis de servizos sociais.
2. Os servizos sociais na súa relación coa política social e o benestar social	2.1. Aspectos conceptuais sobre política social e benestar social: características. Novas tendencias en demanda e atención social. Concepto de cidadanía 2.2. Os servizos sociais no marco do estado de benestar 2.3. Os servizos sociais como sistema público de benestar social 2.4. As políticas públicas dos servizos sociais da Administración europea, estatal, autonómica e local
3. As necesidades sociais. Modos de satisfacción desde os servizos e as organizacións de benestar social	3.1. Aproximación teórica ás necesidades sociais. A transformación das necesidades sociais ante o cambio social. 3.2. Identificación e priorización das necesidades 3.3. Resposta ás necesidades. 3.4. Os recursos sociais. A satisfacción das necesidades desde os servizos e organización do benestar social (sector público, privado, terceiro sector).
4. Os problemas sociais. Factores de risco e de protección social	4.1 Aproximación teórica. 4.2 Fases dos problemas sociais. 4.3 Diagnóstico e valoración das situacións-problema. Indicadores. 4.4 Factores de risco e de protección social.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	22.5	45	67.5
Traballos de aula	6.5	6.5	13
Traballos tutelados	2	3	5
Seminarios	5	7.5	12.5
Estudo de casos/análises de situacións	3	4.5	7.5
Saídas de estudo/prácticas de campo	5	2	7
Presentacións/exposicións	3	4.5	7.5
Cartafol/dossier	1	7	8
Probas de tipo test	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos, bases teóricas e/ou directrices sobre a materia obxecto de estudo.
Traballos de aula	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión da docente.
Traballos tutelados	O alumnado elaborará, de forma autónoma ou en grupo, un traballo sobre o estudo de necesidades relacionado coa temática da materia que será supervisado e tutelado pola profesora no que se refire á busca e recollida de información, á lectura e manexo de bibliografía, á redacción, á presentación e exposición etc.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise de situacións, problemas ou casos reais coa finalidade de coñecelos, interpretalos, diagnosticalos, buscando o adestramento en procedementos alternativos de solución.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Visitas a institucións prestadoras de servizos sociais que gardan relación co ámbito da discapacidade e da vellez.
Presentacións/exposicións	Exposición na clase, pola parte do alumnado, do traballo sobre o estudo de necesidades ou de outros exercicios que se consideren de interese.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A profesora, de forma individual ou en pequeno grupo, atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula e nos momentos que a docente ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do enderezo electrónico ou do campus virtual).

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Valorarase o traballo do estudo das necesidades, así como a súa presentación e exposición.	20
Cartafol/dossier	O alumnado deberá presentar un caderno-dossier do traballo realizado, persoal ou en grupo, referido ás actividades teórico-prácticas desenvolvidas dentro dos apartados do traballo na aula, estudo de casos e seminarios, traballos tutelados. Algúns destes traballos realizaranse de xeito individual na aula para a súa posterior cualificación dentro do proceso de avaliación continúa.	40
Probas de tipo test	Exame teórico tipo test sobre os contidos da materia impartidos a través das clases maxistras e dos seminarios. Constará de 40 preguntas con tres alternativas de resposta das cales só unha é verdadeira. O sistema de corrección será de acertos menos erros/2 (A-E/2), estando o corte do aprobado en 20 despois de aplica-la fórmula.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade de avaliación para estudantes presenciais con asistencia regular

A planificación deste proceso de ensinanza-aprendizaxe concíbese como unha avaliación continua e esixe a presenza do alumnado tanto nas clases teóricas coma nas prácticas. Considéranse estudantes con asistencia regular os que acudan a un mínimo do 80% das clases teóricas, clases prácticas e titorizacións en aula. A asistencia medirase mediante listaxes de asistencia diarios. Subliñar que non chega con asistir á clase, nin que o que se avalía é a asistencia do alumnado. Se o estudante deixa de asistir á clase, sexa cal sexa a circunstancia (coa única excepción de enfermidade xustificada con certificado médico ou pasamento dun familiar achegado), terá que optar pola segunda modalidade de avaliación.

O exame teórico da materia (convocatoria oficial), realizarase nas datas sinaladas na páxina web da Facultade: <http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/gaotraballosociallateral/exames-traballo-social-lateral>.

As actividades prácticas iranse presentando segundo os prazos que se determinen previamente na aula. Ademais, como indicador de avaliación continua poderanse realizar probas-control individuais sobre exercicios prácticos cuxa cualificación pasará a formar parte do cartafol/dossier.

Modalidade de avaliación presencial para non asistentes con regularidade

O alumnado que opte por non asistir ás clases, tanto teóricas como prácticas, ou non poida, ou pretendendo ser estudante presencial teña máis do 20% de ausencias tanto na parte teórica coma na parte práctica, pasará a formar parte desta modalidade de avaliación.

Nesta modalidade, a avaliación e a superación da materia virá determinada polo exame final teórico e práctico (convocatoria oficial) e pola presentación nese mesmo día do caderno-dossier de actividades teórico-prácticas e do traballo de necesidades.

A puntuación destas partes será de ata 50% para o exame teórico-práctico, o 30% para o caderno-dossier, e o 20% para o traballo de necesidades.

A principios de curso, a profesora entregarálle ao estudantado que opte por esta modalidade de avaliación un documento coas actividades do caderno-dossier. Este alumnado está obrigado a contactar coa docente a principios de curso para comunicarlle a súa elección por esta modalidade de avaliación.

O estudo da parte teórica da materia poderán facelo a través da bibliografía básica recomendada. En canto á parte práctica, esixiráselle ao alumnado que saiba dar resposta aos contidos conceptuais, actitudinais e procedementais desenvolvidos ao longo do curso e que pode adquirir a través de textos existentes na biblioteca e dos apuntamentos de clase.

Outros comentarios e segunda convocatoria

Segundo a normativa vixente, con independencia da súa asistencia ou non ás clases o alumnado gozará de condicións equivalentes de avaliación.

A superación da materia, tanto para estudantes presenciais con asistencia regular coma para os non asistentes con regularidade, implica puntuar en cada un dos criterios de avaliación establecidos - como mínimo- o 50 % da puntuación indicada.

De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas novamente na convocatoria de xullo.

Tanto para o alumnado da modalidade presencial asistentes con regularidade como para os non asistentes con regularidade, en caso de ter que concorrer á segunda convocatoria, gardaráselles as notas da parte teórica (exame) ou práctica (traballos tutelados, presentacións, caderno etc.) superadas.

Bibliografía. Fontes de información

Alemán Bracho, C. e Fernández García, T. (2008), Introducción a los servicios sociales, Madrid: UNED

Roldán García, E, e Garcia Giraldes,T. (2006), Políticas de Servicios Sociales, Madrid: Síntesis

Bibliografía complementaria:

Alemán Bracho, C. e García Serrano (1999), Fundamentos de bienestar social, Valencia:Tirant lo Blanch.

Casado, D. (2008), Los servicios sociales : carencias relativas a las situaciones de pobreza, marginación, exclusiones y desigualdades, en VI informe FOESSA sobre exclusión y desarrollo social en España. Madrid: FOESSA.

Garcés Sanagustin (2012), Nuevos retos de los servicios sociales en España, Madrid: ePraxis.

Granados García-Tenorio, P. e Mudarra Sánchez, M.J. (2010), Diagnóstico en Educación Social. Madrid: Sanz y Torres.

Max-Neef, M. Elizalde, A. E Hopenhayn,M. (2010), Desarrollo a escala humana. Opciones para el futuro. Santiago de Chile: Biblioteca CF+S.

Rubí, C. (1991), El análisis de las necesidades y recursos desde la perspectiva del trabajo social. Monográfico las necesidades sociales, . Rev. Servicios Sociales y Política Social (21).

VVAA (1988), De la Beneficencia al Bienestar Social: cuatro siglos de acción social. Madrid: S.XXI.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Organización dos servizos sociais/O05G220V01205

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Introdución ao traballo social/O05G220V01105
